

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4.2 DO REGULAMENTO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE ESTUDANTES

(Aprobado no Consello de Goberno o 19 de decembro de 2005)

I) Modificación

4.2. Só poderán participar os estudantes que superasen polo menos a totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso dos seus estudos universitarios (planos novos) ou o primeiro curso completo nas convocatorias de xuño ou de setembro do curso académico (planos antigos) en que ten lugar a concesión da bolsa. O estudante que non cumpra este requisito no momento da solicitude deberá acreditarlo polo menos 45 días naturais antes do comezo do período de estudos.

Proposta

4.2. Poderán participar os estudantes matriculados como mínimo no segundo ano dun plano de estudos conducente á obtención dunha titulación superior, incluído o Doutoramento, aínda que teñan materias de primeiro curso non superadas.

II) Inclusión

4.3. Os alumnos que acceden a unha titulación de Máster Universitario, segundo ciclo ou a estudos de segundo ciclo que non sexan continuación dun primeiro ciclo, poderán solicitar unha bolsa de mobilidade no primeiro curso dos devanditos estudos por se enender que están en posesión dunha titulación universitaria ou porte r superado un primeiro ciclo, polo que non lles resultará de aplicación o requisito establecido no apartado anterior.

III) Incidencias da modificación:

Artigo 13. Perda do dereito á bolsa Erasmus

O/a estudante deberá reunir os requisitos xerais establecidos pola UDC e os adicionais que poida sinalar o centro/departamento de orixe para o recoñecemento académico, polo menos, 45 días naturais antes do inicio do período de estudos. De non ser así, o/a estudante perderá o dereito ao aproveitamento da bolsa e deberá comunicarllo á Oficina de Relacións Internacionais o antes posible.

Proposta

O/a estudante deberá reunir os requisitos xerais establecidos pola UDC e os adicionais que poida sinalar o centro/departamento de orixe para o recoñecemento académico antes do inicio do período de estudos. De non ser así, o/a estudante perderá o dereito ao aproveitamento da bolsa e deberá comunicarllo á Oficina de Relacións Internacionais o antes posible.

IV) Disposición final

As modificacións operadas no artigo 4.2. e 4.5 do Regulamento de xestión da mobilidade de estudantes entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno, sen prexuízos de ser tamén aplicada as solicitudes formalizadas e aceptadas no curso 2007-2008.